

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

16552 Orde TIN/2777/2010, do 29 de outubro, poa que se modifica a Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

As normas de aplicación e desenvolvemento do vixente Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, están contidas na Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio.

A recente aprobación de diversas normas legais e regulamentarias con incidencia na regulación da citada orde, así como a experiencia obtida na xestión recadatoria da Seguridade Social e os avances técnicos na tramitación dos procedementos correspondentes á dita xestión, determinan a necesidade de proceder á actualización e reforma dalgúns dos seus preceptos.

Así, en primeiro lugar procédese a adecuar a determinación de funcións en materia de dedución e de recadación en vía de constrinximento establecida nos artigos 3 e 4 da Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, á actual estrutura e distribución de competencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de acordo coa reforma efectuada polo Real decreto 1384/2008, do 1 de agosto, no Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Por outra parte, amplíase a regulación dos efectos do aprazamento para o pagamento de débedas coa Seguridade Social, contida no artigo 17 da orde modificada, co fin de completar o suposto previsto no seu número 3 e de establecer, mediante un novo artigo 17 bis, a domiciliación en conta como forma de pagamento dos seus vencementos.

Tamén se dá nova redacción ás subseccións 1.^a e 3.^a da sección oitava da Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, dedicadas, respectivamente, á forma e ao lugar do pagamento de cotas e aos supostos especiais para a súa liquidación e ingreso.

Na primeira delas axilizouse a emisión e formalización dos documentos de cotización, así como o ingreso das cotas, reforzando o uso do Sistema de Remisión Electrónica de Datos (RED) por parte dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, en exercicio das facultades atribuídas ao ministro de Traballo e Inmigración, en tal sentido, polos artigos 29 e 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e establecendo a obrigatoriedade do pagamento mediante documento electrónico de cotización de non se ter optado pola domiciliación en conta.

Pola súa parte, a subsección 3.^a foi obxecto de diversas reformas dirixidas a racionalizar a súa estrutura e contido, entre as que destaca a inclusión dun novo artigo 36 bis, cuxo contido procede do anterior número 2 do artigo 36, que tiña difícil encaixe neste último ao estar referido a documentos de cotización presentados en prazo regulamentario pero con ingreso de cotas. Tamén se habilita o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social para autorizar, con carácter indefinido, a compensación de prestacións obxecto de pagamento delegado en documentos de cotización correspondentes a períodos distintos ao dito pagamento.

As modificacións efectuadas no artigo 32.3 e na disposición derradeira primeira da Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, constitúen meras adaptacións da súa regulación á nova modalidade de pagamento mediante documento electrónico, a que se refire o artigo 31 da dita orde.

O artigo 51 da orde modificada, relativo á aplicación orzamentaria da devolución de ingresos indebidos e do reembolso do custo de garantías, pasa a referirse, no seu número 2, ás cotas por todas as contingencias cubertas cunha mutua de accidentes de

traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, quedando así, comprendida entre elas a correspondente ao cesamento de actividade dos traballadores autónomos, cuxo sistema de protección específico foi recentemente regulado pola Lei 32/2010, do 5 de agosto. Suprímese, así mesmo, o seu actual número 3, innecesario tras a nova redacción dada aos artigos 71.1 e 75.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social polo Real decreto 897/2009, do 22 de maio.

Finalmente, engádense catro novas disposicións adicionais á Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, dedicadas, respectivamente, ao servizo de asistencia e orientación que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social prestará, en determinados supostos, para o cumprimento das obrigas en materia de encadramento, cotización e recadación por medios electrónicos; aos prazos para a incorporación efectiva e obrigatoria ao Sistema RED, como concreción do previsto no artigo 28.1 da dita orde; á implantación da domiciliación do pagamento de aprazamentos establecida no seu novo artigo 17 bis e á imputación contable dos recursos do sistema da Seguridade Social, coa conseguinte derogación da Orde do 21 de xullo de 1995, reguladora da dita imputación.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas para o efecto pola disposición derradeira segunda do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Por todo o exposto, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e o desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

A Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e o desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, queda modificada como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. Determinación dos órganos competentes en materia de dedución.

Nos procedementos de dedución de débedas que as administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais e demais entidades de dereito público teñan coa Seguridade Social, serán competentes:

1. O titular da Subdirección Xeral de Afiliación e procedementos Especiais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, para o exercicio das seguintes funcións:

a) A comunicación á Administración ou entidade pública debedora do inicio do procedemento de dedución, co respectivo trámite de audiencia, así como a resolución pola que se acorde a improcedencia das actuacións practicadas no dito procedemento, respecto dos recursos do sistema da Seguridade Social que sexan obxecto de xestión recadatoria reservada aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no artigo 2 desta orde, así como respecto dos demais recursos obxecto de xestión recadatoria da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo.

b) A emisión da resolución pola que se acorde a retención e dedución a favor da Seguridade Social a que se refiren os artigos 39 e 41 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

c) A notificación do acordo de retención ao ordenador de pagamentos competente.

d) A notificación da aplicación e extinción da débeda á Administración ou entidade pública debedora cando o procedemento recadatorio se inicie e se siga nos servizos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Os titulares dos órganos ou unidades con competencia en materia de recadación en período voluntario que determine o director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, para o exercicio das seguintes funcións:

a) A comunicación á Administración ou entidade pública debedora do inicio do procedemento de dedución, co respectivo trámite de audiencia, así como a resolución que acorde a improcedencia das actuacións practicadas, de resultar acreditada a inexistencia de débeda no referido trámite, nos casos en que o procedemento recadatorio o inicie e o deba continuar a respectiva dirección provincial.

b) A expedición das providencias de constrinximento que inicien a vía executiva, nos supostos en que proceda a dita expedición.»

Dous. O número 1 do artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Sen prexuízo das funcións que ten atribuídas no artigo 1 da Orde do 29 de marzo de 2000, sobre establecemento, reorganización e funcións das unidades de recadación executiva da Seguridade Social, a Unidade de Recadación Executiva de ámbito estatal, con sede en Madrid e con xurisdición sobre todo o territorio español, levará de forma centralizada a tramitación da xestión recadatoria respecto ás empresas que, por razón do seu número de traballadores ou outras circunstancias concorrentes, determine o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, así como das demais funcións que lle encomende o titular da Subdirección Xeral de Afiliación e Procedementos Especiais, de conformidade co previsto no artigo 5.a) do Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño.

Para os efectos indicados, a Unidade de Recadación Executiva de ámbito estatal poderá encomendar as actuacións executivas que considere oportunas ás demais unidades de recadación executiva.»

Tres. Engádese un novo parágrafo terceiro ao número 3 do artigo 17, coa seguinte redacción:

«No caso de que a solicitude do novo aprazamento sexa denegada, tendo esgotado o prazo regulamentario de ingreso da débeda, non se entenderá incumplido o aprazamento do cal se viñese desfrutando sempre que o ingreso da citada débeda se realice dentro dos cinco días seguintes á data de notificación da resolución denegatoria.»

Catro. Engádese un novo artigo, o 17 bis, dentro da subsección 2.^a da sección cuarta, coa seguinte redacción:

«Artigo 17 bis. *Domiciliación do pagamento de aprazamentos.*

1. Os beneficiarios de aprazamentos para o pagamento de débedas coa Seguridade Social deberán ingresar o importe dos correspondentes vencementos mediante domiciliación bancaria en conta corrente ou cartilla de aforros aberta nunha entidade financeira autorizada para actuar como oficina recadadora da Seguridade Social, nos termos e condicións establecidos neste artigo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o pagamento das cotas inaprazables e do terzo da débeda a que se refiren, respectivamente, os artigos 32.1 e 33.4.b) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, realizarase na conta restrinxida da unidade de recadación executiva que corresponda, mediante ingreso en efectivo, cheque ou transferencia bancaria.

2. Durante a vixencia do aprazamento poderase solicitar a modificación da conta de domiciliación de pagamento. A dita modificación terá efectos en función da data da presentación ou de transmisión da solicitude:

a) As solicitudes presentadas ou transmitidas entre os días 1 e 10 de cada mes producirán efectos nese mesmo mes.

b) As solicitudes presentadas ou transmitidas entre os días 11 e último de cada mes producirán efectos o mes seguinte.

3. Cando se pretenda amortizar anticipadamente, de forma total ou parcial, a débeda pendente aprazada, o suxeito responsable deberá comunicalo previamente á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co obxecto de que esta realice un novo cálculo do importe que ten que ingresar, cos seguintes efectos:

a) As comunicacións efectuadas entre os días 1 e 10 de cada mes producirán efectos na dita mensualidade.

b) As comunicacións efectuadas entre os días 11 e último de cada mes producirán efectos na seguinte mensualidade.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará mensualmente ás entidades colaboradoras o importe dos vencementos que deban ser cargados nas contas correspondentes. Tales entidades, polas domiciliacións de vencementos que fosen autorizadas, aboarán con data valor do último día hábil de cada mes a totalidade do importe dos ditos vencementos, ingresándoos na conta única da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Así mesmo, deberán remitir ao obrigado ao pagamento o documento xustificante do ingreso efectuado.

O cargo efectuarase, en todo caso, polo importe íntegro do vencemento, sen que se poidan realizar cargos por importes parciais. »

Cinco. A subsección 1.^a da sección oitava queda redactada nos seguintes termos:

«Subsección 1.^a *Normas sobre forma e lugar do pagamento de cotas*

Artigo 27. *Forma do pagamento de cotas.*

1. De conformidade co previsto nos artigos 58 e 59 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, os documentos de cotización deberán ser cubertos ou, se for o caso, os seus datos deberán ser subministrados polos suxeitos responsables do pagamento das liquidacións de cotas correspondentes, a través dos medios e sistemas e coas formalidades que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Cando os datos para determinar a cotización se deban transmitir por medios electrónicos, a dita transmisión deberase realizar nas condicións e cos efectos establecidos na Orde do 3 de abril de 1995, sobre uso de tales medios en relación coa inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas de traballadores, cotización e recadación no ámbito da Seguridade Social, ou norma que a substitúa, así como nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social emitirá os documentos electrónicos de cotización correspondentes ás liquidacións de cotas relativas ás empresas e outros suxeitos responsables encadrados en réximes da Seguridade Social e pertencentes a colectivos incorporados voluntaria ou obrigatoriamente ao Sistema de Remisión Electrónica de Datos (Sistema RED) que fagan uso efectivo deste, e paraos á disposición dos suxeitos autorizados a través do dito sistema, sempre que as posibilidades técnicas así o permitan e non optasen pola domiciliación en conta como modalidade de pagamento.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social emitirá os documentos electrónicos de cotización correspondentes ás liquidacións de cotas dos réximes especiais dos traballadores por conta propia ou autónomos e de empregados de fogar; dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar; dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, respecto dos períodos de inactividade agraria polos que resulten responsables do ingreso das cotas, e dos convenios especiais coa Seguridade Social, e paraos á disposición dos suxeitos responsables do seu ingreso nas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da

Seguridade Social e administracións da Seguridade Social ou nos demais lugares que determine o director xeral do dito servizo común da Seguridade Social, sempre que non optasen pola domiciliación en conta como modalidade de pagamento.

Cando se produzan incrementos nas cotas, en relación coas figuradas nos documentos de cotización emitidos e postos á disposición pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, os suxeitos responsables ingresarán na oficina recadadora as cantidades liquidadas nos ditos documentos sen modificación ningunha ata que se emitan e se poñan á súa disposición os novos documentos de cotización coas diferenzas que se producisen. A dita liquidación complementaria deberá ser satisfeita polo suxeito responsable dentro do mes seguinte ao da recepción de tales documentos, salvo que nestes se fixe outro prazo de ingreso.

4. Se os suxeitos responsables a que se refiren os números 2 e 3 optan por pagar as cotas polo sistema de domiciliación en conta, as entidades financeiras autorizadas para actuar como entidades colaboradoras porán á súa disposición o documento xustificativo do pagamento realizado.

5. O establecido nos números anteriores non liberará os suxeitos responsables do pagamento das cotas do deber de cumprir a súa obriga de cotizar dentro do prazo regulamentario, incorrendo, noutro caso, na recarga, xuros e infraccións que procedan.

Artigo 28. Obriga de incorporación ao Sistema RED e incidencia do uso de medios electrónicos na adquisición e mantemento de beneficios na cotización.

1. Conforme o previsto no parágrafo primeiro do artigo 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, todas as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, deberanse incorporar de maneira efectiva ao Sistema RED nos prazos e nas condicións establecidos na disposición adicional quinta desta orde.

2. Conforme o previsto no parágrafo primeiro do artigo 29 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, no caso de que as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que solicitasen ou obtivesen reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio nas bases, tipos e cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, non se incorporen de maneira efectiva ao Sistema RED nos prazos e condicións establecidos na disposición adicional quinta, non poderán obter os citados beneficios e quedarán suspendidos, sen máis trámite, os que teñan concedidos, respecto de todos os seus traballadores por conta allea ou asimilados e respecto de todos os seus códigos de conta de cotización, tanto principais como secundarios, desde a data en que tal incorporación se debeu realizar. A dita suspensión aplicarase, así mesmo, aos suxeitos responsables que deixen de utilizar de forma efectiva o Sistema RED nas actuacións relativas ao encadramento, cotización e recadación.

A obtención dos beneficios indicados rexerá pola normativa vixente no período de liquidación correspondente á incorporación efectiva ao Sistema RED e producirá efectos desde o día primeiro do dito período, sen prexuízo da perda dos beneficios polo tempo transcorrido desde o nacemento do dereito ata tal incorporación efectiva. Así mesmo, a suspensión daqueles beneficios quedará sen efecto e volverán ser aplicables a partir da liquidación correspondente á nova incorporación ao dito sistema, sen que caiba a recuperación dos beneficios perdidos. Tanto nun caso coma noutro considerarase que os beneficios se aplicaron, para os efectos do cómputo da súa duración, durante o período transcorrido entre a data inicial en que se tivesen podido obter, se obtivesen ou se suspendesen, e a de incorporación efectiva ao Sistema RED.

Non dará lugar á perda de reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio que teñan concedido a falta de transmisión de datos a través do Sistema RED por causas de carácter técnico imputables á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen

prexuízo da obriga de presentar os documentos de cotización e os de afiliación, altas, baixas e variacións de datos dentro dos prazos establecidos.

3. Para os efectos previstos nos números anteriores, enténdese por incorporación efectiva ao Sistema RED a utilización do dito sistema para a realización das actuacións relativas ao encadramento, cotización e recadación con plena validez e eficacia, xerando os dereitos e obrigas establecidos pola normativa en vigor en relación cos ditos actos, así como de calquera outra exixida na normativa de Seguridade Social, nos termos e condicións que fixe a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. O cumprimento da obriga de incorporación ao Sistema RED a que se refire o número 1 non se verá afectado cando as actuacións de encadramento, cotización e recadación se poidan realizar a través doutros medios electrónicos distintos do citado sistema, nos termos e condicións que fixe a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co fin de facilitar a prestación dos servizos electrónicos en aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 29. *Lugar do pagamento de cotas.*

1. O ingreso das cotas nos prazos regulamentarios establecidos efectuarase mediante a presentación na oficina recadadora autorizada do documento ou documentos de cotización, sen prexuízo das particularidades previstas para o seu ingreso mediante os sistemas de domiciliación en conta e pagamento por documento electrónico de cotización.

2. Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que, non estando obrigados a isto, non se incorporasen ao Sistema RED, requirirán autorización expresa da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da administración da Seguridade Social para efectuar dentro de prazo regulamentario os ingresos das liquidacións de cotas a que se refire o número 1.c), nos seus ordinais 2.º, 3.º e 4.º, do artigo 56 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, logo de comprobar que concorre o suposto de que se trate.

3. As entidades colaboradoras na xestión recadatoria da Seguridade Social non poderán admitir o ingreso de cotas en forma distinta ás previstas nesta orde, ou sen os requisitos ou formalidades establecidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, salvo autorización previa desta.

Artigo 30. *Domiciliación do pagamento de cotas nas oficinas recadadoras.*

1. Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar poderán domiciliar o pagamento das súas cotas en calquera das entidades financeiras autorizadas para actuar como oficinas recadadoras, conforme o procedemento establecido para o efecto pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para o réxime de que se trate.

A autorización ás entidades financeiras para actuar como órgano colaborador na xestión recadatoria estará condicionada a que estas presten o dito servizo.

a) As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que, de forma voluntaria ou obrigatoria, estean incorporados de maneira efectiva ao Sistema RED poderán solicitar a domiciliación do pagamento das cotas cando isto estea previsto pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Estas solicitudes deberanse formular nos prazos, termos e condicións que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con indicación, en todo caso, da entidade financeira e do código de conta de cliente en que se desexa cargar o importe da liquidación correspondente.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará a liquidación de cotas cuxa domiciliación se solicitase e transmitirá información do importe que hai que ingresar a través do Sistema RED ao respectivo autorizado.

De non optar pola domiciliación, o ingreso das cotas deberase realizar obrigatoriamente mediante o correspondente documento electrónico xerado e posto á disposición do interesado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, salvo nos casos en que esta non poida proceder á xeración do dito documento, será de aplicación, en tal caso, o previsto no artigo 27.5.

b) Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar incluídos nos réximes especiais dos traballadores por conta propia ou autónomos, de empregados de fogar, dos traballadores do mar, no caso de traballadores por conta propia, e no réxime especial agrario, respecto dos períodos de inactividade en que os traballadores resultan responsables do ingreso das cotas, así como nos supostos de subscripción de convenio especial coa Seguridade Social e, se for o caso, noutros que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, poderán domiciliar o pagamento das cotas conforme o previsto neste artigo, nos termos e cos efectos seguintes:

1.º A domiciliación do pagamento de cotas, cuxa solicitude se poderá dirixir á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou ás entidades financeiras autorizadas, será válida ata que se comunique a baixa no dito sistema de pagamento, e non se requirirá unha nova solicitude para cada período de liquidación.

2.º A Tesouraría Xeral da Seguridade Social facilitará un xustificante da solicitude presentada en que se indicará a data de efectos da domiciliación e o mes en que se realizará o primeiro cargo en conta, salvo que a dita solicitude se presentase ante a entidade financeira, caso en que terá efectos a partir do mes seguinte ao da súa presentación. Os posteriores cambios na domiciliación terán idénticos efectos.

3.º As solicitudes de baixa na domiciliación producirán efectos desde a data nelas sinalada, que en ningún caso poderá ser anterior ao mes seguinte ao da súa presentación.

Cando os suxeitos responsables a que se refire esta alínea b) non opten pola domiciliación, deberán ingresar as cotas mediante o correspondente documento electrónico de pagamento posto á súa disposición pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos sinalados no artigo 27.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará mensualmente ás entidades financeiras o importe das cotizacións que deben efectuar os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que teñan domiciliado naquelas o pagamento das cotas, co fin de que quede ingresado o seu importe dentro do prazo regulamentario establecido.

3. As entidades financeiras aboarán, polas domiciliacións de cotas que fosen autorizadas e con data valor do último día hábil de cada mes, a totalidade do importe das cotas devengadas correspondentes, ingresándoas na conta única da Tesouraría Xeral na forma e cos efectos regulamentariamente establecidos. Así mesmo, deberán remitir ao suxeito responsable o documento xustificante do pagamento realizado.

4. Cando por erro imputable a unha entidade financeira o ingreso non se realizase no prazo regulamentario, os prexuízos causados compensaranse conforme o previsto na autorización de colaboración e, se for o caso, consistirán no pagamento, con cargo á entidade financeira, do xuro legal desde a data en que o importe da débeda debeu pórse á disposición da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ata que o dito ingreso sexa realmente dispoñible por esta.

Artigo 31. *Documento electrónico de pagamento.*

1. Nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 27, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social emitirá documentos electrónicos de cotización para o pagamento das cotas. Os ditos documentos serán os únicos válidos para efectuar o seu ingreso nas entidades financeiras, ben mediante a súa presentación directa nestas, ben a

través das canles de pagamento que as ditas entidades teñan habilitadas, tales como caixeiros, banca telefónica ou electrónica ou outros similares.

Os ingresos realizados por medio desas canles de pagamento en sábados, domingos ou festivos entenderanse realizados en días hábiles, para efectos do establecido no artigo 8.b) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. Os suxeitos responsables do ingreso das cotas da Seguridade Social a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 27, que non opten pola domiciliación en conta como forma de pagamento das cotas correspondentes a cada período, só poderán efectuar o dito ingreso mediante o documento electrónico de cotización emitido e posto á súa disposición pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social na forma prevista no dito artigo, salvo nos casos en que esta non poida proceder ao cálculo da correspondente liquidación por causas non imputables ao suxeito obrigado.»

Seis. O número 3 do artigo 32 queda redactado nos seguintes termos:

«3. No suposto de que o ingreso das débedas coa Seguridade Social se realice mediante os sistemas de domiciliación en conta ou pagamento por documento electrónico de cotización, non procederá realizar as actuacións indicadas nos números anteriores senón as previstas para os ditos sistemas de pagamento, as entidades financeiras deberán entregar aos empresarios ou suxeitos responsables, en todo caso, o correspondente xustificante do ingreso realizado.»

Sete. A subsección 3.^a da sección oitava queda redactada nos seguintes termos:

«Subsección 3.^a *Supostos especiais de liquidación e pagamento de cotas*

Artigo 36. *Presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario sen ingreso de cotas.*

O empresario que prevea a imposibilidade de ingresar dentro de prazo regulamentario a totalidade das cotas debidas á Seguridade Social terá, en todo caso, a obriga de presentar os documentos de cotización no dito prazo.

En tales supostos, a presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario terá os seguintes efectos:

1. Respecto á compensación de prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado:

Naqueles réximes do sistema da Seguridade Social en que estea prevista a colaboración obrigatoria das empresas na xestión da Seguridade Social, os empresarios ou suxeitos responsables poderán compensar as cantidades aboadas como consecuencia da dita colaboración co importe das cotas devengadas en idéntico período, ao cal se refiran os documentos de cotización.

Nestes documentos faranse constar o importe das prestacións correspondentes a cada continxencia que fose satisfeito e o importe da liquidación de cotas, extinguíndose ambos na cantidade concorrente e figurando nas liquidacións a débeda coa Seguridade Social resultante, sobre a que se aplicará a recarga correspondente en función do momento en que se efectúe o seu ingreso.

Non obstante, o importe das prestacións a que teñan dereito os representantes de comercio, os artistas e os profesionais taurinos non poderá ser compensado nos documentos de cotización, aínda que concorran os requisitos e condicións establecidos no artigo 60 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e nesta orde, ao satisfacer tales prestacións directamente aos beneficiarios a entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social responsable delas, conforme o disposto no artigo 14 da Orde do 20 de xullo de 1987, pola que se desenvolve o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, sobre integración de réximes especiais, en materia de campo de aplicación, inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas, cotización e recadación.

Fóra deste suposto, os suxeitos responsables non poderán realizar ningunha outra compensación dos seus créditos coas súas débedas por cotas nos documentos de cotización presentados sen ingreso, sen prexuízo do seu dereito á satisfacción de tales créditos na forma que proceda.

A Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar a compensación do importe das prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado que non se puidese efectuar nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario, en documentos de cotización correspondentes aos períodos de cotización que sinala a dita Tesouraría Xeral sempre que se ingresen en prazo regulamentario e que se remita, con carácter previo, unha resolución definitiva da entidade xestora da Seguridade Social recoñecendo o dereito ao resarcimento.

Así mesmo, a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, á vista das circunstancias concorrentes na empresa ou suxeito responsable e logo de petición destes, poderá autorizar con carácter xeral e indefinido a compensación das prestacións aboadas en réxime de pagamento delegado en documentos de cotización que se presenten en prazo regulamentario e se refiran a períodos distintos daqueles a que correspondan. As autorizacións concedidas non suporán, en ningún caso, unha alteración do procedemento previsto en cada momento para o recoñecemento das citadas prestacións, en especial dos prazos establecidos para a presentación da documentación que sexa preceptiva para efectos de tal recoñecemento. En todo caso, estas autorizacións e as súas revogacións poranse en coñecemento da entidade xestora ou colaboradora afectada por elas, a través do procedemento que se estableza.

2. Respecto á dedución por beneficios na cotización á Seguridade Social:

Os empresarios e demais suxeitos responsables que, de conformidade co establecido nas normas vixentes, poidan aplicar deducións nas cotas á Seguridade Social por reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio na cotización, de conformidade co establecido no artigo 77.dous da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, perderán os beneficios correspondentes ao mes de que se trate se non ingresan en prazo regulamentario as cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta relativas aos traballadores a que tales beneficios se refiran, e non poderán deducir o seu importe nos documentos de cotización presentados no dito prazo, salvo cando solicitasen dentro deste o aprazamento das cotas a que se refira a liquidación e se concedese tal aprazamento.

Non obstante, cando a dedución non se puidese practicar nos documentos de cotización presentados e pagados en prazo regulamentario, os empresarios e demais suxeitos responsables poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a devolución do seu importe logo de resolución da entidade xestora correspondente recoñecendo o dereito aos beneficios na cotización, salvo cando estes se concedan automaticamente en virtude das disposicións que resulten aplicables.

3. Respecto ás recargas sobre as cotas da Seguridade Social:

Se se presentan os documentos de cotización en prazo regulamentario pero non se ingresan dentro del as cotas correspondentes, devengaranse as recargas previstas no artigo 10.1.a) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Artigo 36.bis. *Aplicación indebida de compensacións e deducións.*

Se nos documentos de cotización presentados dentro do prazo regulamentario se aplicasen indebidamente deducións ou compensacións que non sexan debidas a

erros materiais ou de cálculo e que non fosen obxecto de reclamación administrativa conforme o artigo 62.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, pero que, tratándose de deducións, resulten improcedentes segundo os datos que constan na Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, no caso de compensacións, resulten declaradas improcedentes pola entidade ou órgano ao cal corresponda o recoñecemento, a denegación e o control das prestacións compensadas nos ditos documentos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social recadará o importe de tales compensacións ou deducións indebidas mediante a correspondente reclamación de débeda efectuada nos termos establecidos nos artigos 62 e seguintes do citado regulamento xeral.

No suposto regulado no artigo 31.1.d) da Lei xeral da Seguridade Social, relativo á aplicación indebida das bonificacións na cotización previstas para o financiamento das accións formativas do subsistema de formación profesional para o emprego, os importes indebidamente deducidos reclamáranse mediante acta de liquidación expedida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e elevada a definitiva pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 37. Presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario con ingreso da achega dos traballadores.

De acordo co establecido no artigo 19.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, o empresario que prevexa a imposibilidade de ingresar dentro de prazo regulamentario a totalidade das cotas debidas á Seguridade Social poderá efectuar exclusivamente, no dito prazo, o ingreso separado das fraccións de cotas correspondentes ás achegas dos seus traballadores, conforme o procedemento que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Fóra do suposto previsto no parágrafo anterior e sen prexuízo do disposto en materia de aprazamentos, o ingreso separado da achega do traballador non poderá ter consideración de pagamento da dita fracción da cota.

Artigo 38. Presentación de documentos de cotización con saldo acredor.

1. Os empresarios e demais suxeitos responsables cuxas liquidacións de cotas á Seguridade Social presenten un saldo acredor por ter compensado prestacións en réxime de pagamento delegado ou por ter efectuado deducións que teñan concedidas e non perdesen, estarán obrigados a presentar os documentos de cotización na dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social que corresponda, ou ben a través do Sistema RED, no caso de suxeitos incorporados ao dito sistema de forma obrigatoria ou voluntaria, indicando a entidade financeira e o código de conta de cliente en que se desexa que se realice o aboamento.

2. Se a liquidación acreedora for considerada provisionalmente procedente pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o empresario ou suxeito responsable se achar ao día no pagamento das súas cotas, autorizarase a devolución do saldo polo que aquel resulte acredor, e aboarase mediante transferencia bancaria.

Non obstante, cando o empresario ou suxeito responsable se achar ao día no pagamento das súas débedas por ter concedido aprazamento ou moratoria para o seu ingreso, o importe da liquidación acreedora aplicarase á débeda pendente de amortización.

Se a liquidación resultar procedente pero o empresario ou suxeito responsable non se achar ao día no pagamento das súas cotas, o importe da liquidación acreedora aplicarase ao descuberto ou descubertos existentes, comezando polo máis antigo de entre os que se encontren pendentes e con aplicación, se for o caso, do disposto no artigo 52 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Se a liquidación acreedora efectuada polo empresario ou suxeito responsable, que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social considerase provisionalmente procedente, for declarada despois improcedente por resolución firme da entidade

xestora das prestacións compensadas ou a que corresponda o recoñecemento ou o control definitivo das deducións efectuadas nos documentos de cotización, unha vez comunicada a dita resolución definitiva á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administración da Seguridade Social, esta procederá á súa reclamación mediante a correspondente reclamación de débeda, conforme o establecido no artigo 62.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

3. Se a liquidación acreedora efectuada polo empresario ou suxeito responsable for considerada provisionalmente improcedente pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, pero continúa presentando saldo acreedor, porase este feito en coñecemento do suxeito responsable e procederase na forma indicada no número anterior, segundo corresponda.

Porén, se a liquidación acreedora considerada provisionalmente improcedente non constitúe finalmente saldo acreedor, o suxeito responsable deberá ingresar o débito resultante, xa sexa sen recarga ou incrementándoa co que proceda.

Neste caso, o posible dereito ao resarcimento das cantidades aboadas polo suxeito obrigado como consecuencia da súa colaboración obrigatoria coa Seguridade Social e ao das bonificacións e reducións que a dirección provincial da Tesouraría Xeral ou administración da Seguridade Social considere provisionalmente aplicadas de forma improcedente nos documentos de cotización, poderá exercerse ante a entidade xestora ou colaboradora que corresponda.

4. As actuacións de comprobación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a que se refiren os números precedentes non implicarán a conformidade desta respecto dos datos declarados e aplicados polo suxeito responsable nas liquidacións contidas nos documentos de cotización.

Así mesmo, as referidas actuacións terán o carácter de liquidacións provisionais, suxeitas a revisión se se estimar a impugnación formulada ao respecto ou, se for o caso, como consecuencia da resolución definitiva da entidade xestora competente que afecte e modifique tales liquidacións da dirección provincial ou administración da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Oito. O artigo 51 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 51. *Aplicación orzamentaria.*

1. Os distintos conceptos constitutivos das cantidades obxecto de devolución como consecuencia dun ingreso indebido recoñecido en vía administrativa ou xudicial, así como do custo de garantías obxecto de reembolso, a que se refire esta sección, aplicaranse con cargo ao orzamento de ingresos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, coas excepcións que se sinalan no número seguinte.

2. Cando a devolución ou reembolso do custo das garantías se refira a cotas por continxencias cubertas cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, a cotas por conceptos de recadación conxunta coas de Seguridade Social e a outros recursos alleos ao sistema, así como ao reintegro de prestacións por desemprego, a súa formalización terá carácter extraorzamentario, e aplicarase o seu importe con cargo á conta de relación da mutua, órgano ou organismo que corresponda.»

Nove. Engádense catro novas disposicións adicionais, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Servizo de asistencia e orientación para a realización das actuacións de encadramento, cotización e recadación por medios electrónicos.*

No marco do previsto polo artigo 8 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social porá á disposición das empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos

responsables obrigados a se incorporar de maneira efectiva ao Sistema RED, que polas súas dificultades persoais ou pola súa reducida dimensión e localización xeográfica así o requiran, un servizo de asistencia técnica e asesoramento, que incluíra os medios necesarios para garantir a efectividade do cumprimento da obriga de transmisión electrónica dos datos de encadramento, cotización e recadación imposta polo artigo 28.1 desta orde.

Este servizo prestarase sempre que o suxeito responsable non dispoña da correspondente autorización para transmitir polo Sistema RED, nos termos e condicións que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional quinta. *Prazos de incorporación efectiva e obrigatoria ao Sistema RED.*

1. As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, encadrados no réxime xeral da Seguridade Social, deberán estar incorporados de forma efectiva ao Sistema RED o 1 de xaneiro de 2011, calquera que sexa o número de traballadores que manteñan en alta.

2. As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, encadrados noutros réximes da Seguridade Social, que teñan máis de dez traballadores en alta en 31 de outubro de 2010, deberán estar incorporados de maneira efectiva ao Sistema RED o 1 de xaneiro de 2011. Cando o dito número de traballadores se alcance desde o 1 de novembro de 2010, deberanse incorporar de maneira efectiva ao citado sistema nun prazo de dous meses.

3. Se as incorporacións efectivas a que se refiren os números anteriores non son posibles nos prazos sinalados por causas técnicas do propio Sistema RED, tales incorporacións levaranse a cabo nos termos e prazos que fixe por resolución a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Así mesmo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá modificar os prazos sinalados nos números anteriores de resultar necesario por razóns de xestión, ou con carácter excepcional ou transitorio en atención ao número de traballadores, á súa dispersión ou á natureza pública do suxeito responsable, sempre logo de solicitude do interesado en que constará o prazo máximo solicitado para a efectiva incorporación ao Sistema RED.

4. Con independencia dos prazos establecidos nos números anteriores, para a adquisición e mantemento de reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio nas bases, tipos e cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, será obrigatoria a incorporación efectiva ao Sistema RED nos termos sinalados no artigo 28.2 desta orde.

5. A incorporación efectiva ao Sistema RED manterase obrigatoriedade con independencia do número de traballadores en alta que pase a ter o suxeito responsable autorizado ou de que este teña ou non concedidas bonificacións, reducións ou outros beneficios na cotización, a partir de que se fixese efectiva a citada incorporación.

Disposición adicional sexta. *Efectos da domiciliación do pagamento de aprazamentos.*

A domiciliación prevista no parágrafo primeiro do artigo 17 bis.1 desta orde será obrigatoria para todos os aprazamentos que se concedan a partir do 1 de xaneiro de 2011. Se chegada esa data non é posible o cumprimento da citada obriga por causas técnicas imputables á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, esta fixará por resolución os termos e condicións en que o dito cumprimento se deberá levar a cabo.

Así mesmo, aqueles aprazamentos concedidos con anterioridade á data indicada respecto aos cales, con posterioridade a esta, se produzan os supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 17 desta orde, deberán aboarse mediante o sistema de domiciliación en conta.

Os beneficiarios de aprazamentos concedidos con anterioridade a 1 de xaneiro de 2011 con vencementos pendentes de ingreso na dita data poderán optar por domiciliar tales vencementos logo de solicitude e nos termos establecidos no artigo 17 bis desta orde. Exercida a opción, a domiciliación en conta manterase durante toda a vixencia do aprazamento concedido.

Disposición adicional sétima. *Imputación contable dos recursos do sistema da Seguridade Social.*

A imputación contable das operacións derivadas da xestión recadatoria dos recursos do sistema da Seguridade Social, tanto en período voluntario como executivo, realizarase de conformidade coas normas contables e os criterios que, se for o caso, estableza a Intervención Xeral da Seguridade Social.»

Dez. A disposición derradeira primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación específica.*

De acordo co previsto no artigo 58.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá establecer e, se for o caso, modificar os documentos de cotización e recadación en período voluntario, ditar as demais instrucións a que deben atermos as entidades financeiras e outros colaboradores na xestión recadatoria, os empresarios e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar e do pagamento dos demais recursos do sistema da Seguridade Social, aprobar as claves dos diferentes contratos de traballo para efectos da xestión da Seguridade Social, así como establecer e modificar tanto os documentos de reclamación administrativa de débedas coa Seguridade Social, a excepción das actas expedidas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, como os documentos relativos aos trámites do procedemento recadatorio en vía de constrinximento, que deberán axustarse, en todo caso, ao disposto no citado regulamento xeral e nesta orde respecto do trámite de xestión recadatoria a que tales documentos se refiran.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, de modo expreso, as seguintes:

1. O artigo 16.3 da Orde do 25 de novembro de 1966 pola que se regula a colaboración das empresas no réxime xeral da Seguridade Social.
2. A Orde do 21 de xullo de 1995 pola que se modifican determinados criterios de imputación contable dos recursos do sistema da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 29 de outubro de 2010.—O ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez Sánchez.